

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 30 de xuño de 2006 pola que se anuncia convocatoria pública de axudas ao alumnado universitario galego interesado en solicitar créditos bancarios para financiamento dos seus estudos ou prorrogar os concedidos na convocatoria anterior.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 de xaneiro; DOG do 17 de febreiro de 1988), transferiulle á comunidade autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG do 6 de abril).

A Lei 11/1989, do 20 de xullo (DOG nº 156, do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: Universidade da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, está a levar a cabo diversas accións de apoio económico ao alumnado de ensino universitario, coas cales se pretende favorecer a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinou convenios de colaboración o día 13 de marzo de 2001 e unha addenda a estes o día 12 de xuño de 2002, coas entidades financeiras: *Banco Pastor, Caixa de Aforros de Galicia, Caixanova, Banco Gallego, Banco Simeón e Banco Etcheverría*, para facilitarlle ao alumnado universitario galego créditos bancarios a xuros baixos para o financiamento dos seus estudos.

Por todo isto, e no exercicio das facultades conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Co obxecto de que ningún alumno quede excluído do estudo na universidade por razóns económicas:

a) Convócanse axudas para o alumnado universitario galego interesado en solicitar os créditos ban-

carios para financiar os seus estudos universitarios de primeiro ciclo, primeiro e segundo ciclo e 3º ciclo (etapa de formación) e novos programas oficiais de posgrao (POP), correspondentes ao curso 2006/2007.

b) Convócanse, así mesmo, axudas para prórrogas do financiamento dos xuros do préstamo concedido en convocatorias anteriores.

Estas axudas son compatibles con calquera outra axuda destinada, para a mesma finalidade, polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 2º.-Orzamento.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará a parte correspondente dos créditos bancarios ou prórrogas destes con cargo á partida orzamentaria 09.04.322C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cunha contía global máxima de 12.000 euros.

A cantidade destinada a estas axudas poderá ser incrementada de acordo coas disponibilidades económicas da consellería.

Artigo 3º.-Beneficiarios/as.

a) Poderán ser beneficiarios do préstamo subsidiado os/as seguintes estudantes universitarios/as:

1. Que cursen estudos nalgunha universidade do sistema universitario de Galicia e teñan residencia en Galicia.

2. Que cursen estudos nalgunha universidade do sistema universitario de Galicia e teñan residencia fóra de Galicia, estando neste grupo os/as galegos/as e descendentes de galegos.

3. Que cursen estudos nalgunha universidade de fóra do sistema universitario de Galicia e teñan residencia en Galicia.

b) Poderá ser beneficiario das prórrogas o alumnado galego ou descendente de galego que foi beneficiario dos préstamos en convocatorias anteriores e que cumpra as condicións establecidas nesta convocatoria.

Artigo 4º.-Requisitos.

a) Os créditos poderán ser solicitados polo alumnado universitario que cumpra os seguintes requisitos:

-Estar matriculado no curso 2006/2007 nalgunha universidade en estudos regrados de carácter oficial e validez nacional de 1º ciclo, de 1º e 2º ciclo, de 3º ciclo (etapa de formación) e novos programas oficiais de posgrao (POP).

-Ter superados, no momento da presentación da solicitude, 60 créditos en titulacións de 1º ciclo, 120 créditos en titulacións de 1º e 2º ciclo e, no caso de 3º ciclo e POP, ter superados os estudos completos da titulación.

b) As prórrogas poderán ser solicitadas polo alumnado universitario que cumpra os seguintes requisitos:

-Estar matriculado no curso 2006/2007 na titulación ou estudos para os cales se lle concedeu o crédito ou prórroga no curso 2005/2006.

Non poderá solicitar a prórroga aquel/a estudante universitario/a que xa gozou de subvención dos xuros do préstamo nos tres últimos anos.

Artigo 5º.-Características do préstamo.

Os préstamos serán concedidos pola entidade bancaria de acordo cos termos desta orde e os do convenio a que se fai referencia na parte expositiva desta.

Para o alumnado universitario que curse os seus estudos nalgunha das universidades do sistema universitario de Galicia e teña a súa residencia en Galicia, a cantidade será como máximo de 3.000 euros por cada petición.

Para o alumnado universitario que curse os seus estudos nalgunha universidade do sistema universitario de Galicia e teña a súa residencia fóra de Galicia e para o alumnado universitario que curse os seus estudos nalgunha universidade de fóra do sistema universitario de Galicia e teña a súa residencia en Galicia, a cantidade será como máximo de 6.000 euros por cada petición.

O prazo de amortización de capital será de tres a cinco anos, tendo un prazo de carencia adicional de ata tres anos. Se opta por un prazo de amortización superior a tres anos, o tipo de xuro pasaría do 5,5% ao 6% desde o inicio do primeiro ano de amortización. Todos os prazos se computarán contando desde o inicio do trimestre natural seguinte ao da data de formalización, sendo a cota trimestral de capital e xuros constante. Os préstamos poderán ser obxecto de cancelación anticipada, sen ningunha penalización.

Artigo 6º.-Financiamento dos xuros.

Os xuros serán financiados da seguinte forma:

a) A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contribuirá ao pagamento da terceira parte dos xuros do primeiro ano de duración do préstamo (2%), sen prexuízo da posibilidade da concesión dunha prórroga de ata un máximo de tres anos.

b) A entidade financeira pola cal opte o alumno ou alumna farase cargo doutro terzo dos xuros (2%),

sempre e cando permaneza vixente a axuda relacionada na letra a) anterior.

c) A terceira parte dos xuros restantes serán por conta do alumno/a prestameiro/a, sempre e cando se manteñan as axudas anteriores. Polo tanto, o alumno ou alumna liquidará o préstamo ao tipo de xuro neto do 1,5% ou 2% (se é o caso) nominal anual. No caso de que o alumno ou alumna non acredite a prórroga da axuda da consellería, o préstamo pasará automaticamente a liquidarse ao tipo de xuro do 5,5% ou 6% nominal anual, segundo o exposto no artigo 5º.

O alumnado que nas convocatorias anteriores asinou contrato de préstamo coas entidades financeiras e que nesta convocatoria solicite prórroga seguirá coas mesmas condicións establecidas no contrato.

Artigo 7º.-Solicitude, documentación e prazo de presentación.

A solicitude, segundo os modelos desta orde, anexo I (ED434A) para os/as estudantes que soliciten o crédito bancario por 1ª vez e anexo II (ED434B) para aqueles/as que soliciten a prórroga do crédito bancario, presentarase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dirixida á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia (edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela) ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, para a presentación de instancias.

Se no uso deste dereito a solicitude é remitida por correo, presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de que proceda á súa certificación.

Para estes efectos, os rexistros das universidades non terán validez en canto ao cumprimento dos prazos da convocatoria. Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados.

Os/as estudantes que soliciten o crédito bancario por 1ª vez deberán presentar a seguinte documentación:

a) Anexo I desta orde.

b) Fotocopia do documento nacional de identidade.

c) Certificación académica orixinal completa ou fotocopia compulsada na cal se faga constar o resumo do número de créditos superados segundo a valoración académica, con especificación das convocatorias. No caso dos/as alumnos/as que estean a cursar estudos nas universidades do sistema universitario

de Galicia, remitirán certificación académica na cal se fará constar a nota media simple do expediente académico, calculada de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración subscrito o 21 de febreiro de 2005 entre a consellería e as universidades do SUG.

Os/as alumnos/as que estean a cursar estudos de 2º ciclo por acceder desde unha titulación de 1º ciclo deberán enviar, ademais, a certificación académica dese 1º ciclo.

Os/as alumnos/as de 3º ciclo que estean cursando o segundo ano da etapa de formación deberán presentar, ademais, o certificado das cualificacións do 1º ano.

No caso de validación deberán presentar a certificación da institución de orixe.

d) Xustificante de matrícula correspondente ao curso 2006/2007 ou declaración xurada do solicitante de que non está matriculado e de que se compromete a entregar o xustificante da matrícula no prazo de dous días a partir do día en que se matricule, tendo en conta que, se non entrega o xustificante de matrícula no prazo indicado, se considerará que o interesado desiste da súa petición.

e) Declaración xurada do solicitante con expresión das axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, por parte doutros organismos públicos.

f) Certificado de empadramento.

O alumnado que solicite a prórroga do crédito bancario deberá presentar a seguinte documentación:

a) Anexo II desta orde.

b) Xustificante de matrícula correspondente ao curso 2006/2007 ou declaración xurada do/a solicitante de que non está matriculado/a e de que se compromete a entregar o xustificante da matrícula no prazo de dous días a partir do día en que se matricule, tendo en conta que, se non entrega o xustificante da matrícula no prazo indicado, se considerará que desiste da súa petición.

c) Declaración xurada do/a solicitante con expresión das axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, por parte doutros organismos públicos.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 12 de setembro de 2006.

Artigo 8º.-Tramitación.

Unha vez comprobado polo Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios, órgano instrutor deste procedemento, que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde de convocatoria, expóranse as listas provisórias das solicitudes admitidas e excluídas nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria, das súas delegacións provinciais e das vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas, sinalando, se é o caso, as causas de exclusión.

Así mesmo, estas listas tamén poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (www.edu.xunta.es).

As devanditas listas estarán expostas desde o día 3 ao día 16 de outubro de 2006 (ambos os dous incluídos). Os interesados e interesadas poderán, durante ese mesmo prazo, formular as reclamacións para emendaren erros e faltas de documentación ante a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, presentando, se é o caso, a documentación necesaria.

Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que o interesado desiste da súa petición, segundo o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-Comisión avaliadora.

A selección dos candidatos será realizada por unha comisión de avaliación integrada por:

Presidente: o director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia ou, por delegación, a subdirectora xeral de Universidades.

Vogais:

-Vicerreitor de Estudantes da Universidade da Coruña.

-Vicerreitor da Universidade de Santiago de Compostela, competente en materia de estudantes.

-Vicerreitor da Universidade de Vigo, competente en materia de estudantes.

-O xefe do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.

Secretario/a: un funcionario da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, que actuará con voz e voto.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da dirección xeral ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Artigo 10º.-Criterios de selección.

A selección farase tendo en conta a nota media simple calculada cos parámetros reflectidos no pro-

toloco de colaboración subscrito, con data do 21 de febreiro de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG do día 23 de marzo de 2005 (resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005).

No caso de empate, a comisión resolverá a favor do alumno que teña superados un maior número de créditos.

Artigo 11º.-Resolución.

Efectuada a selección pola comisión avaliadora, esta elevará, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, un informe proposta motivado á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consonte o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 12º.-Obrigas dos/as beneficiarios/as.

- a) Destinar o crédito para a finalidade para a cal se concede.
- b) Asinar o contrato de préstamo coa entidade bancaria.
- c) Amortizar o capital obxecto do préstamo e o pagamento dos xuros deste.
- d) Cumprir as condicións específicas que as entidades financeiras, de acordo coas súas normas de funcionamento e o convenio do 13 de marzo de 2001, determinan.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global máximo o crédito destinado nos orzamentos para este fin, nos termos que figuran no artigo 2º desta orde.

Segunda.-O incumprimento de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do reintegro, total ou parcial, polo beneficiario ou solicitante da axuda pública percibida, segundo o disposto no arti-

go 78.10º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación ou á revogación da resolución de concesión.

Terceira.-Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 10 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, producindo efecto desestimatorio a falta de resolución.

Cuarta.-Os/as beneficiarios/as teñen a obriga de someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como ás que poidan realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control financeiros.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e ás do seu desenvolvemento; igualmente aos artigos 78 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Terceira.-Esta orde poderá ser impugnada, potestativamente, mediante recurso de reposición perante a Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo máximo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación.

Cuarta.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Dirección Xeral de
 Ordenación e Calidade do
 Sistema Universitario de Galicia

PROCEDEMENTO AXUDAS AO ALUMNADO UNIVERSITARIO GALEGO INTERESADO EN SOLICITAR CRÉDITOS BANCARIOS PARA FINANCIAR OS SEUS ESTUDOS DE 1º, 1º E 2º CICLO E 3º CICLO (NOVA ADXUDICACIÓN)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED434A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI / NIF	
RÚA E NÚMERO			LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		

RESIDENCIA EN GALICIA

ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

RESIDENCIA FÓRA DE GALICIA

ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS ACADÉMICOS

FACULTADE / ESCOLA	
UNIVERSIDADE GALEGA CURSO 2005/2006	CAMPUS
UNIVERSIDADE FÓRA DE GALICIA CURSO 2005/2006	CAMPUS

DATOS CRÉDITO

<input type="checkbox"/> SOLICITA O CRÉDITO POR 1ª VEZ PARA ESTUDOS DE 1º CICLO, 1º E 2º CICLO E 3º CICLO CONTÍA QUE SOLICITA <input type="checkbox"/> 3.000 EUROS <input type="checkbox"/> 6.000 EUROS	
--	--

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PARA OS QUE SOLICITAN POR 1ª VEZ

<input type="checkbox"/> COPIA DO DNI/NIF <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ACADÉMICA ORIXINAL OU COPIA <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE MATRÍCULA CURSO 2006/2007 OU <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA SE NON ESTIVESE MATRICULADO	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE, CON EXPRESIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO
---	---

OBSERVACIÓNS:

--

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 30 de xuño de 2006 pola que se anuncia convocatoria pública de axudas ao alumnado universitario galego interesado en solicitar créditos bancarios para financiamento dos seus estudos ou prorrogar os concedidos na convocatoria anterior.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de	

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Dirección Xeral de
 Ordenación e Calidade do
 Sistema Universitario de Galicia

PROCEDEMENTO AXUDAS AO ALUMNADO UNIVERSITARIO GALEGO INTERESADO EN SOLICITAR A PRÓRROGA DOS CRÉDITOS PARA FINANCIAR OS SEUS ESTUDOS DE 1º, 1º E 2º CICLO E 3º CICLO CONCEDIDOS NA CONVOCATORIA ANTERIOR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED434B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI / NIF	
RÚA E NÚMERO				LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		

RESIDENCIA EN GALICIA

ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS ACADÉMICOS

FACULTADE / ESCOLA	
UNIVERSIDADE	CAMPUS
<input type="checkbox"/> CURSO EN QUE ESTIVO MATRICULADO NO CURSO 2005/2006	<input type="checkbox"/> CURSO EN QUE SE VAI MATRICULAR NO CURSO 2006/2007

DATOS CRÉDITO

SOLICITA A 1ª PRÓRROGA DO CRÉDITO PARA ESTUDOS DO 1º CICLO, 1º E 2º CICLO E 3º CICLO
 SOLICITA A 2ª PRÓRROGA DO CRÉDITO PARA ESTUDOS DO 1º CICLO, 1º E 2º CICLO E 3º CICLO
 CANTIDADE CRÉDITO

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PARA OS QUE SOLICITAN PRÓRROGA

XUSTIFICANTE MATRÍCULA CURSO 2006/2007
 OU
 DECLARACIÓN XURADA SE NON ESTIVISE MATRICULADO.
 DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE, CON EXPRESIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.

OBSERVACIÓNS:

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 30 de xuño de 2006 pola que se anuncia convocatoria pública de axudas ao alumnado universitario galego interesado en solicitar créditos bancarios para financiamento dos seus estudos ou prorrogar os concedidos na convocatoria anterior.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

Orde do 5 de xullo de 2006 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de actividades formativas de inglés, francés e alemán para o curso 2006-2007 destinadas a profesorado que imparte docencia en niveis non universitarios.

De conformidade co establecido no punto décimo quinto da orde desta consellería do 3 de febreiro de 2006 (DOG do 13 de febreiro) pola que se convocan actividades formativas de inglés, francés e alemán para o curso 2006-2007 destinadas a profesorado que imparte docencia en niveis non universitarios, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle as actividades formativas ao profesorado que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-Contra esta resolución as persoas interesadas poden interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO

ACTIVIDADES FORMATIVAS NO ESTRANXEIRO (2006/2007)

CURSO DE INGLÉS: MESTRES ESPECIALISTAS [1]

0035418032 JOSE LUIS BERMUDEZ GIL
0032418211 ANA CARREIRA DIAZ
0034895706 BEATRIZ DIAZ ALVARIÑO
0032644217 BLANCA DOPICO LOPEZ
0033829822 ROSARIO MONJARDIN FERREIRO
0034958735 MARIA TERESA PEREZ MARTINEZ
0032828056 MARGARITA RAMOS FUENTES

CURSO DE INGLÉS: MESTRES ESPECIALISTAS [2]

0033240634 ANA ISABEL BARRAL AMEIGEIRAS
0033840863 RITA CASTEDO MEILAN
0032654323 Mª CRISTINA CASTRO FERNANDEZ
0036130378 ARACELI COMESAÑA MARTINEZ
0032669691 ELISA DOPICO BORES
0033304999 ANA ISABEL FERREIROS REY
0032414588 MARIA DOLORES CALLEGOS PITA
0033265995 M.JOSE GARCIA GARRIDO
0010021820 Mª PILAR GONZALEZ SANTIN
0009740696 FERNANDO MARIN GOMEZ
0010058019 CLAUDIA MYRIAM MORAN SACRISTAN
0036090906 MARINA OTERO PEREIRA
0033993780 MONICA PEDRE OTERO
0032427341 LUZ QUIROGA FRAGA
0035316330 MOISES REGUERA CONDE
0033855927 JUAN J. RODRIGUEZ FLORES
0035309681 JOSE ANTONIO SANCHEZ BARREIRO
0033215819 MARIA TUBIO CALVO
0034956640 RAQUEL VALENCIA HERMIDA
0050673842 JOSE A. VAZQUEZ PAREDES

CURSO DE INGLÉS: PES/PEOI E INSPECTORES ESPECIALISTAS

0035469853 JOSEFINA BREA CASTRO
0036069104 Mª OLGA COMESAÑA LIZ
0010834678 JORGE COSIO CARREÑO
0032443117 ELENA HORTA CARIDAD

0032777720 Mª BEGONIA IGLESIAS CARBALLO
0032755750 CONCEPCION LOPEZ ANDRADE
0032821838 Mª CONSUELO MAHIA ESPÍNEIRA
0034437417 RAQUEL MARTINEZ ZAMUZ
0033853551 JULIAN PALLARES MARTINEZ
0035317296 PATRICIA PARADA GANDOS
0032642455 JOSE FACUNDO PEREIRA AMENEIRO
0032810668 MARIA CRISTINA PORTEIRO FERNANDEZ
0033261430 MANUEL QUINTAS PEREZ
0032266942 ANGEL SAAVEDRA VAZQUEZ
0032757359 MARIA CRUZ SANCHEZ MUIÑOS
0032767499 MARIA PILAR VALES FANDIÑO
0032451989 J. CARLOS VARELA VAZQUEZ

CURSO DE INGLÉS: MESTRES NON ESPECIALISTAS

0033259774 Mª CONCEPCION BRAVO CORES
0036017745 CARMEN CAMPO GANDARA
0076986284 PURIFICACION CARRERA CASTRO
0035433653 XAVIER COMENDADOR REY
0033844952 Mª DEL CARMEN DIAZ GRANDIO
0033251582 Mª MERCEDES DOMINGUEZ VAZQUEZ
0032755653 JULIA DONCEL FERNANDEZ
0013895085 ROSA MARIA ESTEBANEZ FERNANDEZ
0035423266 Mª CRUZ FERREIRO CAMPOS
0033154502 Mª DOLORES FOLGAR VILAS
0032389739 Mª JESUS GARCIA ABELEDO
0033832082 DANIEL GOMEZ RAMIL
0034913089 LUIS LOSADA RODRIGUEZ
0033824070 Mª JESUS NUÑEZ DIAZ
0033813715 AMALIA JOSE PASARIN VAZQUEZ
0033859548 MERCEDES RODRIGUEZ CASTIÑEIRA
0034904341 Mª ENCARNACION RODRIGUEZ FEIJOO
0033315887 Mª TERESA SANCHEZ MARZAN
0035449693 JOSE ANTONIO VICENTE RODRIGUEZ
0033206710 Mª LUISA VILLAR CARRIL

CURSO DE INGLÉS: PES/INSPECTORES NON ESPECIALISTAS

0036040761 ELISA ISABEL AMOEDO BARCIELA
0033827869 Mª JOSE ASCARIZ ARIAS
0033810519 LAURA BLANCO RUBIO
0010047940 MARIA SOLEDAD CASTELLANOS MERAYO
0032380058 AMELIA GARCIA GONZALEZ
0033284671 Mª CARMEN GONZALEZ VARELA
0033329943 DEMETRIO HERMIDA CASTRO
0036030430 FERNANDO LAHUERTA MOURIÑO
0032392497 XOSE MARIA LEMA SUAREZ
0036029749 Mª ISABEL MARTIN FRAGUEIRO
0015947506 ESTHER MATO MENDEZ
0035564020 JAVIER MENDEZ ZUNZUNEGUI
0032593971 Mª EVA OCAMPO VIGO
0034542748 JOSE MANUEL PEREZ FERNANDEZ
0033235623 MARIA DOLORES RAMBERDE SEXTO
0033233175 Mª INMACULADA RIBALLO RIBALLO
0035274994 JOSE LUIS RIOS PAREDES
0032780163 SUSANA RODRIGUEZ ALEMPARTE
0033861234 CLARA CRISTELA RODRIGUEZ NUÑEZ
0034939442 Mª DEL MAR SEARA FERNANDEZ

CURSO DE FRANCÉS: PES E PEOI ESPECIALISTAS

0033320065 ANA Mª ABELLA VAL
0034907093 LUCIA CARMEN ALVAREZ PARADELA
0000379659 PILAR DE RIVERA PARGA
0003461846 MARIA DEL MOLINO MATAMALA
0011941766 MARIA GAGO MARTINEZ
0036094744 SANTIAGO GONZALEZ LOPO
0034257451 Mª JESUS LORENZANA LAMELO
0036099982 M. LOURDES MANTEIGA GORGAL
0035306525 ANXOS PAZ GARCIA
0045418163 FRANCISCO REVENGA DE LA RICA
0013074828 ANTONIO DEL RIO DOMINGO
0002603314 JEAN MARC RODRIGUEZ
0016798343 ANTONIO VALEN FERNANDEZ

CURSO DE FRANCÉS: MESTRES NON ESPECIALISTAS

0036026606 Mª MERCEDES ALFARO ALONSO
0033254057 MARIA VICENTA BARTOLOME HERRANZ
0005239915 LUISA M. CARMEN BRAÑA REY
0035988178 Mª CARMEN COSTAS BALEA
0032418680 ROSA Mª ESTEVEZ GANTES
0036020594 Mª CARMEN FERNANDEZ VAZQUEZ
0032420801 CARLOS GARCIA CASAS
0036026856 Mª LUISA GARCIA ROMERO
0032431687 JUAN CARLOS GARCIA SUAREZ
0033223141 ROSA F. GRAÑA SANTOS
0035276816 ANA Mª HERVES BELOSO
0032429468 Mª JESUS LOPEZ LOUREIRO
0033791992 Mª TERESA LUACES LORENZOP
0032413054 MARIA JOSEFA MILLA PISOS
0052483806 MARIA TERESA NEIRA GONZALEZ
0076554239 Mª JOSEFA RIVAS GARCIA
0076501147 Mª DEL CARMEN ROMERO MILLAN
0035251293 MANUEL SANDE LADO
0036013261 Mª JOSE SUAREZ GAGO
0014398720 VICTORIA VAZQUEZ ANSEDE

CURSO DE FRANCÉS: PES/INSPECTORES NON ESPECIALISTAS

0036043299 Mª ISABEL ACUÑA MATA
0033208675 TERESA CASTAÑO QUINTANS
0076620287 Mª ISABEL CASTRO RODRIGUEZ
0012223950 SAGRARIO DE PAZ DE PAZ
0034248286 ROSA DIEGUEZ NOGUEIRA
0040905775 MARIA JOSE DOMATO BUA